

ABRACADABRA

[Pablo Berger, 2017]

272

ESTREA EN NUMAX: 11.08.2017 | V.O. | +12

Abracadabra (2017, 96')

Dirección: Pablo Berger

Guión: Pablo Berger

Elenco: Maribel Verdú, Antonio de la Torre, José Mota, Josep Maria Pou, Quim Gutiérrez, Priscilla Delgado, Saturnino García, Ramón Barea, Javivi, Julián Villagrán

Son: Laura Díez Mora

Música: Pablo Berger, Alfonso de Vilallonga

Montaxe: David Gallart

Dirección de arte: Anna Pujol Tauler

Vestuario: Paco Delgado

Fotografía: Kiko de la Rica

Produtora: Arcadia Motion Pictures, Atresmedia Cine, Movistar+ (España)

Distribuidora: Sony Pictures

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Castelán

FILMOGRAFÍA

Blancanieves, 2012

Torremolinos 73, 2003

Mama, 1988 [curtametraxe]

SINOPSE

Carmen (Maribel Verdú), unha ama de casa do barrio madrileño de Carabanchel, descobre un día que o seu marido, Carlos (De la Torre), parece estar posuído por un espírito maligno. Aí empeza unha exhaustiva investigación, entre terrorífica e disparatada, para tentar recuperalo.

«Berger é o perfecto hipnotizador e o seu terceiro filme non quere cínicos, senón crentes na maxia, no espectáculo e en deixarse levar na viaxe»

Irene Crespo, CINEMANÍA



“Creo no cinema que non exclúa ao espectador”

Entrevista con Pablo Berger

Por Alfonso Rivera

É *Abracadabra* o teu filme máis extremo? Todos os meus o son, desde a miña curtametraxe *Mama*. Formulo cada proxecto coma se fose o meu último filme: tento poñer toda a carne no asador e as miñas obsesións. Desde o punto de arranque, para min o teclado é unha especie de *ouija* e déixome levar, verquendo os meus demos e imaxes de forma desordenada e caótica: iso fai que os meus filmes camiñen fóra da senda habitual. Doutra banda, partindo dese comezo excéntrico, o que me interesa é o conto, por iso lles dou aos meus filmes a forma de fábula e *Abracadabra* é unha, moderna.

Si, pero saltaches dunha película muda, en branco en negro, como *Blancanieves* a esta, saturada de cor, extremosa no humor e disparatada no seu concepto global, de aí a miña sorpresa. Creo que os meus proxectos son todos irmáns e ao ser extremos quizais me custou poñelos en pé, pero afortunadamente con *Abracadabra* o éxito das anteriores serviu para que os

produtores cresen nesta tolemia. Non me propoño ser un director de culto nin facer algo a contracorrente, por provocación, senón todo o contrario; o meu cinema é aberto, conta cousas e, como se fose unha lasaña, cada espectador pode escoller diferentes capas: desde o cinéfilo ata a ama de casa poden pasar un bo momento. Creo no cinema que non exclúa ao espectador.

Niso coincides co teu paisano Álex de la Iglesia, que combina o entretemento co selo autoral. Álex e eu somos como siameses separados ao nacer: coñecemos en Bilbao, no colexio, con 18 anos e xogamos coas mesmas referencias. El é a acción e eu a reflexión: admiro o seu cinema e interésame moito.

Maribel Verdú repite contigo tras *Blancanieves*: pódesele colgar xa a etiqueta de musa túa? Maribel é, sobre todo, amiga e cómplice: únenos unha maneira común de enfrontarnos ao cinema, gústanos divertirnos e sorprender. Ela, que leva na actuación desde os doce anos, cunha filmografía extensísima, cada vez que chega ao set quere pasalo ben e enfrontarse a retos. Cando lle entreguei o guión de *Abracadabra*, leuno enseguida e díxome que estaba nas miñas mans: poñámonos a xogar e fagamos esta tolería, díxome. Esa complicidade e confianza plena fan que nos tiremos por calquera precipicio. Maribel é unha actriz de raza: móvese perfectamente desde o drama á comedia. E gústame que os seus ollos sexan a súa

forma de expresarse: nos meus filmes non hai grandes diálogos e encántame a súa reacción ante todo.

Ela é un pouco diva do cinema clásico, transmite co seu rostro esa expresividade do cinema mudo, tipo *Gloria Swanson* ou *Lilian Gish*. Sen dúbida, Maribel é unha estrela: se neste momento entrase en aquí, todo o mundo se daría a volta a mirala, pois ten unha aura tal que parece que a segue un foco. Ocorreume a min: coñecina hai dez anos e cando se abriu a porta parouse o tempo, achegábase, sorriame e foi como un frechazo que seguimos mantendo. Posúe algo que non se pode explicar e a cámara cáptao.

En *Abracadabra* aparece Madrid retratado por un vasco... Sempre soñei con facer un filme con Madrid como un dos seus protagonistas: *Abracadabra* é unha carta de amor a esta cidade, tan diferente de Bilbao, que me fascina: é unha capital ancorada no pasado, pero que mira cara adiante, onde conviven, en Malasaña, o bocadillo de luras co cupcake ou, no barrio de Tetuán, os rañaceos coas veciñas en bata e zapatillas... O inesperado aquí pode ocorrer. Esta cidade sempre me suxire historias: ámoa e ódioa. De aí nace ese Madrid do meu filme: non é realista nin documental, senón estilizado, pasado polo meu filtro.

Publicada en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

***Blancanieves*, Pablo Berger.**

Cameo [Blu-Ray+ DVD+Libro]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX